

## Ficha 4. Quen e quen?

1. Adiviña quen son!!!



MERCURIO



NEPTUNO



MARTE



XÚPITER



TERRA



SATURNO



URANO



NEPTUNO

Son un planeta moi especial porque estou cuberto de AUGA e teño aire para respirar.

Son o planeta máis quente. Non teño lias eairo as revés das agullas do reloxo.

Son o planeta máis pequeno do sistema solar. Non teño lias e oi vires aquí o teu aniversario será cada tres meses!

Son o planeta máis grande, sempre estou cuberto de nubes e teño fortes tormentas.

Son o planeta azul e taménairo as revés das agullas do reloxo! Teño 13 aneis e 27 lias. Estou moi INCLINADO!

Son o planeta VERMELLO, pero teño auga salgada e días lias!

Son un xigante azul, sempre frío e ventoso.

Os meus aneis son os máis fermosos de todo o Sistema Solar.




### MERCURIO

Mercurio é o planeta máis pequeno do noso sistema solar. O seu tamaño é dun GRAO DE PEMENTA!

É o que máis próximo á Terra, pero non ten ningunha Lúa.

É tan pequeniño e está tan preto do Sol que non lle leva moito dar unha volta como a Terra.

Se vivises nel o teu aniversario sería cada tres meses



### VENUS

Venus é o planeta máis quente..  
Ten montañas e volcáns, e o seu tamaño é moi parecido ao da Terra, de feito teñen o tamaño dun TOMATE CHERRY!

Venus é un pouco diferente ao demais porque aíra en dirección contraria á da Terra e a dos outros planetas.

Non ten ningunha lúa.



### TERRA

O noso planeta é moi especial porque é a maioría da súa superficie está cuberta por AUGA. É como Venus un planeta pequeno, que ten o tamaño dun TOMATE CHERRY!

Un día na Terra dura 24 horas.

Un ano na Terra dura 365 días e un pouquiño máis. Eso significa que cada catro anos necesitamos poñer un día máis ao calendario. Chamámolo día bisesto, nun ano bisesto.



## MARTE



Marte é un planeta desértico e frío.

Ten o tamaño dun ARÁNDANO, que é máis ou menos a metade da Terra e ten estacións.

É coñecido como o planeta VERMELLO, porque o seu solo ten ferro oxidado.

En algunhas partes hai auga salgada no chan.

Marte si ten dúas LÚAS. Fobos e Deimos..



## XÚPITER

Xúpiter é o planeta máis grande do noso sistema solar. O seu tamaño é dunha SANDÍA. Está cuberto de raias e de nubes e ten fortes tormentas como a "GRAN MANCHA VERMELLA" que xa dura centos de anos.

Xúpiter ten 79 lúas. Tamén ten aneis, inda que non se ven moi ben.

Por este planeta xa pasaron 8 naves espaciais.




## SATURNO



Saturno é o planeta cos aneis máis fermosos, ten sete e son de anacos d'aceite e rocha.

Sabemos que ten 53 (cincuenta e tres) lúas, que un ano dura entre 29/30 días (un mes na Terra) e que o día é moi curto, só ten 10 horas.

Sabemos que o seu tamaño é como o de un POMELO grande.



## URANO




Urano ten auga e metano, un gas que é o que lle dá esa cor AZUL.

É un planeta pequeno, do tamaño dunha MAZA e como Venus rota de lado e na dirección contraria ás agullas do reloxo.

Ten 13 aneis e 27 lúas.

Un ano en Urano dura 87 anos, polo que vas tardar moito en celebrar o teu aniversario!



## NEPTUNO




Neptuno é un xigante escuro, moi frío e ventoso, do tamaño dun LIMÓN.

Neptuno como Urano é de cor azul, posto que está feito dunha sopa de auga e gas metano.

Ten 6 (seis aneis) que non se ven facilmente e 14 lúas.

Un ano en Neptuno é bastante longo, tarda 164 anos en dar unha volta arredor do sol.




## SOL




A nosa ESTRELA é unha bola brillante e quente, que está no centro do sistema solar.

Pero, é especial por algo? Resulta que o noso sol é unha estrela nin moi grande, nin moi pequena que mantén ao noso planeta quente e dá nos luz para poder ver. Pero tamén pódennos queimar coa súa luz.

Podes evitar queimarte usando sombreiros e roupa, tamén protector solar!





A Lúa é o único SATÉLITE que  
cira arredor da Terra e tarda 28  
días en facelo!

Pero...que é un satélite? Pois é  
calquera corpo celeste que cira  
arredor dun planeta.

A Lúa nunca está quieta, sempre  
se está a mover.

E fainos de dous xeitos, sobre o  
mesa e arredor da Terra, e como  
tarda o mesmo en dar unha  
volta sobre si mesma, que en dar  
unha volta á Terra, sempre  
vemos a MESMA cara da Lúa.

Cando observamos a Lúa durante  
varios días, vemos que cambia de  
aspecto e iso chámase FASES DA  
LUNARES e repítense cada 28  
días.

Son 4: Lúa chea, cuarto  
minguante, Lúa nova e cuarto  
crecente.

A Lúa non ten luz propia, e  
brilla porque se reflicte a luz do  
sol!